



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO DE D^a OLALLA LLAIZA LEMA NIÓN COMO FUNCIONARIA INTERINA DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA: COORDINADOR/A SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000775

EXPEDIENTE DE ORIXE: 2026/E001/000001

Vista a necesidade de cubrir temporalmente a praza de COORDINADORA SERVIZOS SOCIAIS, con código 5100, Grupo A2, posto que a persoa que ocupa dita praza está de baixa por maternidade.

Vistas as bases reguladoras publicadas no BOP núm. 34 de 20/02/2026 para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionario/a interino/a do grupo A, subgrupo A2, escala de administración especial, subescala técnica: coordinador/a servizos sociais do Concello de Camariñas co obxecto da substitución transitoria durante o tempo estritamente necesario conforme aos motivos sinalados no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 335/2026 de data 30/03/2026, mediante o cal se aproba a bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante o nomeamento de funcionarios interinos da escala de administración especial, subescala técnica, coordinador/a servizos sociais do Concello de Camariñas o cal foi publicado no BOP núm. 62 do 06/04/2026, na que consta a listaxe e orde definitiva de chamamento dos integrantes da mesma.

Resultando que a Base 13 que rexe o procedemento, literalmente establece:

“Realizado o chamamento e presentada a documentación polo interesado a Sra. Alcaldesa efectuará o nomeamento, a favor da persoa candidata proposta, como funcionario/a interino/a.

O nomeamento deberá ser notificado ao interesado/a, o cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

O cese da persoa funcionaria interina seleccionada producirase pola causas indicadas nas presentes bases mediante a sinatura da correspondente acta de cese.

A resolución de nomeamento deberá igualmente ser publicada no taboleiro do Concello co réxime de recursos que proceda”.

Vista a orde de chamamento e a relación de aspirantes que forman bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante o nomeamento de funcionarios interinos da escala de administración especial, subescala técnica, coordinador/a servizos sociais do Concello de Camariñas, a cal se indica a continuación:

ORDE DE CHAMAMENTO	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	LEMA ORDOÑEZ, MARÍA	36,40
2ª	LEMA BAÑA, LETICIA	30,15
3ª	LEMA NIÓN, OLALLA LLAIZA	22,80
4ª	MOREIRA MARTÍNEZ, LAURA	22,50

Visto o escrito presentado por Dª María Lema Ordóñez en data 02/07/2026 (RXE núm. 202699900000843) mediante o cal comunica a súa renuncia voluntaria ao posto de traballo, con efectos do día 15 de xullo de 2026, motivada porque foi seleccionada para a cobertura do posto de traballadora social no Concello de Coristanco.

Resultando que mediante decreto da Alcaldía de data 14/07/2026 se acordou dar por finalizado o nomeamento/cese como funcionaria interina de Dª MARÍA LEMA ORDÓÑEZ, candidata que figura en primeiro lugar na relación de aspirantes que forman bolsa de emprego, por renuncia voluntaria da interesada ao posto de traballo.

Visto que de conformidade co disposto na Providencia desta Alcaldía de data 07/07/2026, nesta mesma data se requiriu a Dª Leticia Lema Baña, candidata que figura en segundo lugar na relación de aspirantes que forman bolsa de emprego, para que no prazo de dous días hábiles, a contar desde a publicación do chamamento no Taboleiro electrónico de anuncios do concello, manifeste por escrito o seu interese no posto ofertado.

Visto que Dª. Leticia Lema Baña, candidata que figura en segundo lugar na relación de aspirantes que forman a bolsa de emprego para proceder á provisión temporal dunha praza de coordinador/a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

servizos sociais do Concello de Camariñas, transcorrido o prazo concedido non presentou ningún escrito manifestando o seu interese no posto ofertado, polo que se entende que renuncia a dito posto.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 14/07/2026 mediante a cal se propón, tras a renuncia da primeira e segunda candidatas da bolsa, o chamamento e o nomeamento da candidata que figura en terceiro lugar na bolsa de emprego, D^a Olalla Llaiza Lema Nión e se lle require para que manifeste por escrito o seu interese no posto ofertado.

Resultando que transcorrido o prazo concedido á terceira candidata, D^a Olalla Llaiza Lema Nión, proposta para ser nomeada como funcionaria interina para o posto de Coordinadora dos Servizos Sociais do Concello de Camariñas, esta presentou, dentro do prazo concedido, escrito de aceptación do posto e a documentación requirida á que se refire a base 12^a da convocatoria e achada a mesma conforme.

Á vista, pois, do exposto e que pola intervención municipal se ten emitido o preceptivo certificado de existencia de crédito é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Nomear a D^a OLALLA LLAIZA LEMA NIÓN, como funcionaria interina da escala de Administración Especial, Subescala Técnica, COORDINADORA SERVICIOS SOCIAIS, polos motivos sinalados no artigo 10. 1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público (TREBEP) é dicir; a substitución transitoria da titular.

Segundo: De conformidade coa Base 3^a que rexe no procedemento de selección para creación da bolsa, o seu cese producirase no momento en que desaparezan as causas que xustificaron o seu nomeamento, sen prexuízo do previsto no art. 63 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

En todo caso, o Concello de Camariñas, de conformidade coa Base 3^a que rexe no procedemento de selección para creación da bolsa, formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no antedito artigo 63, sen dereito a compensación algunha:

- a) Pola cobertura regradada do posto por persoal funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- b) Por razóns organizativas que dean lugar á supresión ou á amortización dos postos asignados.
- c) Por finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.
- d) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Terceiro.- Advertir que de conformidade coa Base 13, D^a OLALLA LLAIZA LEMA NIÓN, deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.

Cuarto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas, coa indicación expresa dos recursos que cabe interpor contra a presente resolución, a saber, contra o acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)